

## RESUMO TEMA 10

### Variables estadísticas

A todas as modalidades que pode adoptar un determinado carácter chamámoslle **variable estadística**.

A variable estadística pode ser cuantitativa ou cualitativa.

### Medidas de centralización dunha variable estadística

- A **media aritmética** dun conxunto de números é o cociente que resulta de dividir a suma de todos os números polo total destes.
- **Mediana** é o valor da variable estadística, supoñendo que os datos estean ordenados, que ocupa a posición central.
- Coñécese como **Moda** dunha variable estadística ao valor que ten maior frecuencia absoluta.
- Se ordenamos os datos de menor a maior, chámanse **cuartís** aos valores da variable que dividen ao conxunto de datos en catro partes iguais.

### Medidas de dispersión

- **Percorrido ou rango** dunha variable estadística é a diferenza entre o maior e o menor valor dos datos.
- Defínese a **desviación media** dunha variable estadística á suma dos produtos dos valores absolutos das desviacións dos valores ou marcas de clase respecto da media aritmética multiplicados polas súas frecuencias e divididos polo total dos datos.
- A **varianza** é a media aritmética dos cadrados das desviacións de todos os valores da variable estadística ou marcas de clase respecto da media,
- Para emendar o pequeno defecto da varianza defínese a **desviación típica** dunha variable estadística como a raíz cadrada positiva da varianza.

### Coeficiente de variación

$$V_p = \frac{s}{\bar{x}} \cdot 100$$

A este cociente chámase **coeficiente de variación** e adoita expresarse en tantos por cen, polo tanto haberá que multiplicalo por 100, e simbolizámolo por  $V_p$ .

Canto máis pequeno sexa o coeficiente de variación, os datos estarán máis concentrados arredor da media, e esta resultará máis significativa.